

JONE, A VECES

Sara Fantova, 2025

1590

ESTREA EN NUMAX: 12.09.2025 | V.O.S.E. | +12 | 80 min

Bilbao, pleno agosto. Jone, 20 anos, vive xunto ao seu pai e á súa irmá pequena Marta. Aita, o pai de Jone, tivo que deixar o seu traballo por mor do seu Parkinson. Ao mesmo tempo, empezan as festas da Semana Grande de Bilbao nas que Jone namora por primeira vez. Durante este verán, Jone vivirá entre a sensación de inmortalidade que transita con Olga, a moza da que namora, e o medo a quedar soa debido á enfermidade do seu pai.

«Sara Fantova demostra o seu bo facer na perfecta combinación de contrastes, na telúrica exposición dun cinema profundamente existencial e esaxeradamente vivo»

Luis Martínez, EL MUNDO



Vivir coa perda

Por Mario Hernández

Sara Fantova, coñecida polo seu contemplativo e profundamente persoal enfoque á hora de contar historias, preséntanos unha película que funciona tanto como unha meditación sobre a enfermidade como unha exploración da mocidade. A través dunha íntima e restrinxida dirección, confecciona un coming of age que, arraigado no País Vasco, ecoa de maneira universal. A diferenza doutros filmes coetáneos que tamén exploran os procesos de madurez, *Jone, a veces* non se apoia na nostalxia ou a idealización do concepto de mocidade. No seu lugar, representa un cru e profundamente emocional retrato dunha moza cuxo verán se define por dúas forzas contrapostas: o estimulante descubrimento do primeiro amor e a dolorosa asimilación de que a enfermidade que sofre o seu pai está a alterar de maneira progresiva a dinámica familiar (...) Un contraste entre liberdade xuvenil e a inevitable realidade que xera unha calma tensa palpable durante toda a fita.

Con todo, Fantova non dramatiza este sufrimento con grandes conflitos ou confrontacións melodramáticas. No canto diso, permítese manifestalo a través dos pequenos momentos: a forma na que Jone dúbida antes de interceder polo seu pai, os silencios e pausas entre o pai e as súas fillas cando non consegue realizar actividades cotiás ou o sorriso forzado co que Jone trata de desdramatizar a situación coa súa irmá pequena. Detalles que fan que *Jone, a veces* se entenda como unha película profundamente humana, capaz de entender o peso que supón madurar á sombra do declive físico dun ser querido.

A directora bilbaína aposta por longas tomas e actuacións naturalistas que convidan á audiencia a deixarse mergullar. Cada xesto, cada pausa, cada mirada fugaz ten un significado, algo que se ve potenciado pola posta en escena intimista empregada por Fantova. A cámara busca captar cada aceno e matiz das expresións de Jone, capturando os sutís cambios no seu rostro a medida que penetra no turbulento verán. Hai unha calidade case documental na forma na que a película segue a Jone, coma se estivésemos asistindo a momentos demasiado persoais como para seren guionizados.

Hai momentos nos que *Jone, a veces* compensa o peso emocional da situación familiar coa calidez e excitación que lle achega o seu romance con Olga. Unha relación que se desenvolve con tenrura, outorgándolle a Jone un escape temporal das súas responsabilidades e medos. Con todo, e mesmo nos momentos de maior euforia romántica, séguese apreciando un sentido de transitoriedade. Un recordo sutil de que Jone non pode escapar da realidade eternamente.

Realidade descrita nun guión que, aínda que simple na súa superficie, posúe grandes capas emocionalmente complexas. Non pretende buscar nin achegar respostas resolutivas sobre o conflito interno de Jone. No canto disto, abraza a incerteza da súa situación, retratando a dificultade de aceptar as consecuencias dunha enfermidade como o Parkinson. Por todo iso, *Jone, a veces* é unha delicada e conmovedora exploración da familia, a enfermidade e a agri doce natureza de madurar. A dirección de Sara Fontova rezuma unha maxistral contención, permitíndolle á historia respirar a través dos silencios e sutís xestos. Un recordo de que os *coming of age* non tratan sempre da rebelión ou o autodescubrimento, senón que tamén tratan da aprendizaxe de vivir coa perda, o cambio e a comprensión de que algunhas cousas están fóra do noso control.